

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e dous de setembro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Montserrat Lama Nóvoa e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora accidental, dona María Begoña Álvarez Matos, técnica de fiscalización da xestión orzamentaria e contable, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día quince de setembro de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA DA REDE VIARIA PROVINCIAL N.º 119/POS/2017, “REFORZO DE FIRME CON MESTURA ASFÁLTICA NA OU-0568”, NO TERMO MUNICIPAL DE OURENSE.- Á vista do escrito presentado polo xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017, no relativo á rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 119/POS/2017, denominada “reforzo de firme con

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017

mestura asfáltica na OU-0568”, cun orzamento de 60.100,00 euros- a obras que seguidamente se describe, no termo municipal de Avión:

- “Tratamento superficial con microaglomerado na OU-0308”, cun orzamento de 60.000,00 euros, que levará asignado o número 131/POS/2017.

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 18/POS/2017, NO TERMO MUNICIPAL DE CALVOS DE RANDÍN.-

Á vista da solicitude formulada polo Concello de Calvos de Randín, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó concello de Calvos de Randín, incorporando ó plan a obra “limpeza e reparación de fosas sépticas en Golpellás, Santiago de Rubiás e Castelaus” –en substitución da obra “rehabilitación parcial casa reitoral-residencia”-, co número da obra 18/POS/2017 e un orzamento de execución da actuación de 55.000,00 euros.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE ADERCOU.-

No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación orzamentaria, correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/489.19 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor da Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense ADERCOU, para “redacción dun plan estratéxico”.

Posteriormente, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación das bases de execución do orzamento, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para a “redacción e posta en marcha do Leader 2014/2020”, de acordo co escrito remitido pola entidade con data 6 de xuño do 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017

subvención a favor da Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense ADERCOU, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: redacción e posta en marcha do Leader 2014/2020.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE OÍMBRA.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Oímbra, para a Festa do Pemento (XX edición).

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Oímbra, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: XX edición da Festa do Pemento de Oímbra.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
3. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
4. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA VEIGA.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 100.000,00 euros, a favor do Concello da Veiga, para revivenda.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017

subvención ao Concello da Veiga, para a realización do programa para a reactivación da economía rural e da rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda no Concello da Veiga: revivenda rural, nos seguintes termos:

-Importe: 100.000,00 euros.

-Obxecto: programa para a reactivación da economía rural e da rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda no Concello da Veiga: revivenda rural.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

5. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
6. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
7. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
8. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO.- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 462.09/450.12, a cantidade de 50.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Espadanedo, para cooperación provincial.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017
--

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Espadanedo, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de mantemento de servizos municipais correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% da subvención concedida.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

8.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2017

(2ª CONVOCATORIA).- No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 12.00 horas, o día 30 de agosto de 2017, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2017-2ª convocatoria (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016). Na dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017
--

Con data 5 de setembro de 2017 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sexta da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sexta das que regulan a convocatoria, a proposta provisional considérase definitiva.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Excluir da valoración e, en consecuencia, denegarllas a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1.1.- Por non considerarse prácticas deportivas federadas, senón xogos infantís.

A convocatoria define como evento deportivo aquelas “actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas...”

AVV “San Xosé” de Vista Hermosa	G32133035	Yincana Infantil-Vista Hermosa
---------------------------------	-----------	--------------------------------

1.2.- Por non tratarse dun evento, senón dunha actividade formativa. A convocatoria establece na base 1ª-3 que: “quedan excluídas expresamente da convocatoria, as seguintes actividades:

Base 1ª-3-d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como **campus deportivos, campamentos de verán**, ligas ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

Base 1ª-3-e) Actividades de **carácter formativo ou divulgativo**.

Club Deportivo Velle	G32147761	Campus de fútbol CD Velle (2ª edición)
----------------------	-----------	--

2º) Aceptar a renuncia á solicitude de subvención presentada polo **Club Natación Pabellón Ourense**, para o evento **Winnerman 2017**.

3º) A concesión, conforme coa valoración efectuada, das subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de setembro de 2017
--

Entidade solicitante	CIF	Actividades	Subvención
Pulpo Extreme Club Deportivo	G32475121	Deportivo Pulpo Extreme II edición	4.610,48 €
Club Deportivo Open	G32321325	OHF 2017	1.750,00 €
CDC Santa Teresita	G32227043	II Torneo Internacional f7 e fase previa	2.596,54 €
Club Ciclista ADC Os Mosqueteiros	G32477804	VII Ruta CC Os Mosqueteiros, Bike Trail	1.710,00 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	G32346751	XI Torneo Nadal de Ximnasia 2017	1.500,00 €
Pádel Prix	G32451650	III Torneo BMW-Autogal Padelprix	1.599,90 €
Sociedade Dep.Cultural Arrabaldo	G32278541	IX Torneo “Manolo Arnoia”	1.019,26 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	G32300790	XXV Torneo Nadal Prebenxamín Fútbol 8	473,00 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	G32300790	XXV Torneo Nadal Benxamín Fútbol 8	473,00 €
Centro de Tiro Olímpico Eiroás	G32019077	Gran Trofeo Tiro Prato Ourense Prov.Termal	612,00 €
Black kick Competición	G32351058	4º Trof.Kickboxing “Ourense Cidade Termal”	576,00 €
Federación Galega de Bolos	V36650133	Torneo Provincial de Ourense	476,00 €
AVV “San Xosé” de Vista Hermosa	G32133035	Andaina Solidaria (A favor de AODEM)	314,56 €
AVV “San Xosé” de Vista Hermosa	G32133035	Duatlón Vistahermosa	220,00 €
Asociación Xuvenil Amencer	G32025405	IV Andaina Solidaria Campamento Urbano	220,00 €
Total			18.150,74 €

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e dous de setembro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,